



**Resolución do 22 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta+ e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso 2023/24**

De cara a 2025, a Comisión Europea estableceu no Espazo Europeo de Educación seis dimensións ou obxectivos a cumprir entre os cales se inclúe a mellora da calidade educativa a través de medidas como o fomento de habilidades básicas e transversais entre o alumnado. Os desafíos actuais da nosa sociedade demandan a implantación de metodoloxías activas e colaborativas que garantan o desenvolvemento desas habilidades. Estes retos artículanse en torno aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) promovidos polas Nacións Unidas na Axenda 2030.

No eido específico do sistema educativo, o artigo 105 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado que amose unha especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa. Do mesmo xeito, o artigo 120 da mesma lei establece a autonomía dos centros educativos para desenvolver experimentacións, innovacións pedagóxicas ou plans de traballo nos termos que establezan as administracións autonómicas e dentro das posibilidades que ofrezca a normativa aplicable.

Por outra banda, o artigo 121 incide no proxecto educativo dos centros, que deberá tratar de forma transversal a educación en valores, o desenvolvemento sostible, a igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, así como as actuacións ante o acoso, a cultura da paz e os dereitos humanos.

Estes principios de transversalidade son recollidos na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, que incide na necesidade dun enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe.

En consonancia co exposto anteriormente, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a colaborar de xeito continuado con distintos organismos para facilitar a integración nos centros de ensino non universitario de programas educativos que estean comprometidos cos ODS e que fomenten o papel activo do alumnado ante os desafíos sociais, económicos e medioambientais da sociedade actual e do futuro. Estes programas inciden en aspectos clave da adaptación do sistema educativo aos retos de carácter global como a igualdade de xénero e a coeducación, a competencia dixital, a promoción de hábitos de vida saudables, a educación intercultural, a transición ecolóxica e a sostibilidade.





As distintas estruturas que presentan estes programas, os diversos protocolos de desenvolvemento, as variadas metodoloxías que os sustentan e os distintos calendarios que rexen a súa posta en práctica fan imprescindible a adopción dun sistema de coordinación eficaz que permita optimizar a utilización destes recursos educativos.

Xa que logo, a finalidade de Plan Proxecta+ é a de establecer un marco xeral de colaboración entre as distintas entidades que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos, de fixar uns criterios metodolóxicos e organizativos comúns, de integrar estes programas na planificación anual dos centros e nas programacións didácticas do profesorado participante e, ao mesmo tempo, de crear unha rede de centros na que se fomenta o traballo cooperativo e recoñecerlle ao profesorado a súa participación nos proxectos de innovación educativa que se estean a desenvolver no ámbito deste plan. Este marco xeral busca, en suma, ser unha referencia para o fomento da innovación educativa mediante a metodoloxía centrada na realización de proxectos nos centros de ensino non universitario.

Partindo das experiencias e boas prácticas desenvolvidas ata o momento, é preciso establecer unha nova convocatoria do Plan Proxecta+ que siga ofertando aos centros programas que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial pero que ademais estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. Así, preténdese reforzar e consolidar esta iniciativa conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades cos diferentes organismos implicados para situar ao sistema educativo galego nunha senda acorde cos obxectivos adoptados a nivel mundial para a construción dunha sociedade máis sostible e inclusiva desde o ámbito educativo.

Esta resolución pretende regular a participación nestes programas mediante o Plan Proxecta+ establecendo as bases para que participen nel os centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

### **Primeiro. Obxecto**

Esta resolución ten por obxecto regular o Plan Proxecta+ e establecer as bases para a participación dos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o curso escolar 2023/24.

Os programas educativos e as súas características, ofertados aos centros docentes nesta convocatoria, pódense consultar na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.gal/>





[portal/planproxecta/programas](#). Do mesmo xeito, pódense consultar de xeito xeral na táboa que constitúe o Anexo I da presente resolución.

### **Segundo. Ámbito de aplicación**

Poderán participar nesta convocatoria os centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

### **Terceiro. Definición do Plan Proxecta+**

O Plan Proxecta+ é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en colaboración con diferentes institucións, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo, os elementos transversais, nos que se inclúe a educación en valores, e os obxectivos para o desenvolvemento sostible promovidos pola Axenda 2030 das Nacións Unidas.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa favorecendo a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro no que se orixinan coma para o resto da comunidade educativa galega.

### **Cuarto. Obxectivos xerais do Plan Proxecta+**

Con este plan preténdense lograr os seguintes obxectivos:

1. Dotar á comunidade educativa galega con programas educativos de diferentes ámbitos que fomenten a innovación educativa.
2. Establecer un marco xeral de colaboración para presentar todos os programas implicados dun xeito estruturado.
3. Fixar uns criterios metodolóxicos e organizativos comúns, dirixidos á realización de proxectos educativos de innovación que desenvolvan as competencias clave e os elementos transversais.
4. Fomentar dende o ámbito educativo a implantación de iniciativas que contribúan ao coñecemento e consecución dos ODS da Axenda 2030, prestando especial atención ao ODS 4 que busca garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade.
5. Establecer unhas pautas comúns en relación ao recoñecemento do traballo do profesorado nestes proxectos educativos.





6. Ofrecerlles aos centros e ao profesorado a posibilidade de incluír dentro da súa planificación anual e das súas programacións, segundo corresponda, a participación naqueles programas que mellor se adapten ás súas características específicas.

7. Crear unha rede de centros nos que se fomente o traballo cooperativo e interdisciplinario, que consiga transformar e mellorar a práctica educativa, transferindo eficazmente as iniciativas innovadoras.

### **Quinto. Eixes e accións do Plan Proxecta+**

Os eixes do plan son tres:

#### 1. Organización.

Este eixe está marcado por tres accións centrais:

- a Sistematizar e actualizar os programas educativos dos distintos organismos.
- b Difundir o plan entre tódolos axentes da comunidade educativa.
- c Utilizar ferramentas eficaces de xestión do plan.

#### 2. Apoio.

As principais accións deste eixe son:

- a Ofrecerlle ao profesorado un marco para o desenvolvemento de accións nas aulas que fomenten a innovación mediante actividades formativas, propostas, materiais didácticos diversos e outras iniciativas que conduzan á mellora da calidade do ensino.
- b Establecer un sistema de asesoramento e seguimento a través das estruturas de formación permanente do profesorado, da inspección educativa, dos equipos responsables de cada un dos programas e da asesoría de innovación educativa da Dirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa.

#### 3. Avaliación e recoñecemento.

Neste caso, as accións que cómpre seguir son:

- a Recoñecer a participación das persoas coordinadoras e do profesorado participante nos proxectos como actividade de innovación educativa.
- b Difundir os mellores proxectos a través das canles dixitais desta consellería e, máis especificamente, mediante a publicación das mellores experiencias de cada programa na sección específica do Plan Proxecta+ en *Eduga, Revista Galega do Ensino*.



## Sexto. Liñas estratéxicas do Plan Proxecta+ e programas ofertados.

### 1. Este plan organízase arredor de tres grandes liñas estratéxicas:

#### a) Desenvolvemento de iniciativas vinculadas aos obxectivos da Axenda 2030.

O compromiso cos ODS xustifica o desenvolvemento de programas dentro do Plan Proxecta+ que contribúan a que todo o alumnado adquiera os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible no ámbito social (igualdade, xustiza, saúde,..), medioambiental (transición ecolóxica, cambio climático, economía circular) e económico (consumo responsable, crecemento sostible,...).

#### b) Desenvolvemento das competencias transversais.

O desenvolvemento das competencias é fundamental na organización curricular do ensino non universitario tal e como recolle o punto once da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no que se establece que se prestará especial atención e se potenciará a aprendizaxe significativa para o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado. Co fin de fomentar a integración das competencias, os centros dedicarán parte do horario lectivo á realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas.

#### c) Utilización de métodos pedagóxicos comúns.

A terceira liña estratéxica é o fomento de métodos pedagóxicos comúns a todos aqueles programas educativos que participen no Plan Proxecta+. Abordarase unha proposta metodolóxica de aprendizaxe por proxectos baseada en dinámicas activas, cooperativas e contextualizadas, centradas na experiencia práctica do alumnado sobre o seu contorno inmediato. Esta proposta leva ao desenvolvemento de valores desde unha crecente posición crítica e autónoma, partindo dos seus intereses e das súas experiencias. Deste xeito, as actividades levadas a cabo no centro por cada programa organizaranse conformando un proxecto interdisciplinario que inclúa elementos do currículo de diversas materias, áreas, ámbitos ou módulos e que se integre nas programacións específicas do profesorado participante e na programación xeral anual.

### 2. O plan desenvolverá os programas que se relacionan no Anexo I desta Resolución, considerando as necesidades e os intereses do alumnado, e dos centros docentes.

## Sétimo. Centros e profesorado participante

1. Nos proxectos realizados nos centros deberán tomar parte, como mínimo, dúas persoas docentes das que unha delas exercerá a coordinación.





2. Cada centro poderá participar no número de programas que poida desenvolver de forma efectiva ata un máximo de dez.

3. Pola idiosincrasia dos programas, estes poden establecer limitacións de participación propias distintas ao establecido no apartado 7.1. Estas limitacións estarán reflectidas na ficha técnica de cada programa que se inclúe na web do Plan Proxecta+: <http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta/programas>.

4. O profesorado coordinador e participante deberá ter destino no centro solicitante durante o curso escolar 2023/24 cando menos no período no que se desenvolva o programa.

5. Será posible realizar proxectos nos que participen varios centros. Neste caso, cada centro debe facer cadansúa solicitude na aplicación de xestión (véx. apartado 8). Para os efectos de selección terase en conta o proxecto de cada centro por separado.

#### **Oitavo. Proceso e prazo de solicitude**

1. Todo o procedemento de solicitude será realizado pola persoa responsable da dirección do centro a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos/>. Esta persoa será quen terá todos os permisos de edición da solicitude e realizará unha por cada programa no que o centro desexe participar.

A solicitude de cada programa que xera a aplicación informática deberá ser asinada pola persoa responsable da dirección do centro e quedará custodiada neste, non sendo necesario enviala.

2. O prazo para presentarse a esta convocatoria comeza o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo e rematará o día 29 de setembro de 2023.

#### **Noveno. Comisión de selección**

1. Unha vez pechado o prazo de solicitude de participación, a comisión de selección avaliará a solicitude dos centros participantes en cada programa, segundo os criterios publicados na sección de Programas da web do Plan Proxecta+ (<http://www.edu.xunta.gal/portal/planproxecta/programas>).

2. A comisión de selección estará integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
- Dúas persoas asesoras do Servizo de Innovación e Programas Educativos, unha das cales realizará as funcións de secretaría.







- As persoas responsables de cada un dos programas que participan no Plan Proxecta+ nesta convocatoria. Estas persoas serán designadas polas institucións responsables de cada programa.

3. A comisión poderá dispoñer a constitución de comisións técnicas, compostas por persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e das outras institucións participantes, que informen sobre os proxectos presentados.

#### Décimo. Resolución

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisional no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias dirixidas á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación complementaria. No asunto do formulario deberá incluírse o nome do programa “Plan Proxecta+”. Para a presentación das reclamacións e renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

3. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e deseguido elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados en cada programa.

4. As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>.

5. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





6. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

### **Undécimo. Participación, seguimento e avaliación dos proxectos**

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento dos proxectos e dará conta deles aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou titores/as legais, así como ás institucións que participan no/s programa/s.

2. De cara a planificación e desenvolvemento dos proxectos durante o curso 2023/24, terase en conta a previsión dos posibles escenarios de ensinanza-aprendizaxe que se puideran dar: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de non presencialidade.

3. A inspección educativa realizará, ao longo de cada curso académico, o seguimento e a avaliación das diferentes actuacións previstas nos programas e informará á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

4. Os centros deberán incluír na súa páxina web un espazo no cal se visibilicen as actividades realizadas ao abeiro dos programas do Plan Proxecta+ nos que participe. Así mesmo, deben integrar o logo oficial do Plan Proxecta+ nos espazos web e nos documentos que difundan actividades vencelladas ao plan.

5. A persoa coordinadora de cada proxecto elaborará unha memoria final do traballo realizado na sección correspondente da aplicación de xestión desta resolución. Debe incluír evidencias gráficas e/ou documentais que permitan constatar o desenvolvemento do proxecto a través da ligazón ao espazo web de Plan Proxecta+ dentro da páxina web do centro. No caso de proxectos nos que participaron dous ou máis centros de forma conxunta, a persoa coordinadora de cada un deles debe presentar cadansúa memoria. Para os efectos de avaliación terase en conta a memoria de cada centro por separado. O prazo para a súa realización rematará o 5 de xullo de 2024.

6. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e as entidades de referencia de cada programa levarán a cabo o seguimento e posterior avaliación de acordo cos criterios que cada programa educativo establece co fin de verificar a súa realización, a calidade e os resultados obtidos.

7. A valoración positiva desta memoria, que recollerá os aspectos establecidos no apartado 11.5, será indispensable para acadar a certificación de innovación educativa do profesorado participante.

8. A participación do centro no Plan Proxecta+ deberá quedar reflectida na súa memoria anual.







## Duodécimo. Certificación e recoñecemento do profesorado

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no Plan Proxecta+ como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de horas de formación permanente do profesorado. Esta certificación estará supeditada á avaliación positiva do desenvolvemento do programa realizada pola comisión de selección.

Será indispensable, ademais, ter participado cando menos no 80% do programa, así como estar rexistrado na aplicación informática antes do 12 de xaneiro de 2024. Non se aceptará ningunha modificación do profesorado participante nos proxectos admitidos solicitada con posterioridade a esa data se non é por razóns excepcionais debidamente xustificadas. De ser o caso, a comisión valorará as incorporacións ou baixas posteriores que deberán ser comunicadas ao Servizo de Innovación e Programas Educativos pola persoa responsable da dirección do centro e contar co visto e prace da inspección educativa. As solicitudes serán remitidas ao enderezo de correo electrónico [planproxecta@edu.xunta.gal](mailto:planproxecta@edu.xunta.gal)

Dependendo da duración do programa educativo, a equivalencia en horas de formación permanente do profesorado destas certificacións será a seguinte:

- a Programa que se desenvolve durante todo o curso: 20 horas para o profesorado participante e 30 horas para a persoa coordinadora.
- b Programa que se desenvolve medio curso: 12 horas para o profesorado participante e 15 horas para a persoa coordinadora.

2. Cada docente (á marxe da súa condición de coordinador/a ou participante) recibirá unha única certificación por curso académico, independentemente do número de programas nos que participe. Se un/unha docente participa en máis dun programa con distintos roles, prevalecerá sempre a condición de coordinador/a sobre a de participante. Se o rol é o mesmo, prevalecerá a participación en programas de duración de curso completo sobre os de medio curso.

3. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades difundirá as boas prácticas identificadas entre os proxectos realizados polos centros.

## Décimo terceiro. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES  
Complexo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
[dxoie@xunta.gal](mailto:dxoie@xunta.gal) / [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) 9





mento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa



ANEXO I. PROGRAMAS EDUCATIVOS DO PLAN PROXECTA+ 2023/24

TEMÁTICA	Nº	PROGRAMAS	ODS	ÁMBITO	Infantil	Primaria	ESO	BACH	FP	Persoas adultas	Educ. especial	Ensinanzas réxime especial	OBSERVACIÓNS
SAÚDE E BENESTAR	1	Nutriescolas	3/12	hábitos saudables / patrimonio alimentario	X	X	X	1ª	X		X		Consultar modalidades
	2	Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)	3/4/10	hábitos saudables / inclusión / mobilidade	X	X	X	X	X	X	X	X	Consultar modalidades
	12	Moitavista na escola	3/4	prevención de riscos		3º a 6º							
	24	Clases sen fume	3/11/17	hábitos saudables / prevención de conditas aditivas			1º e 2º						
	26	Xente con don	3/4/5	saúde sexual / educación emocional / igualdade			3º e 4º	X	X				FP básica e grao medio
	27	Apuntámonos a non beber	3	saúde / prevención			X	X	X				
VOLUNTARIADO / SOLIDARIEDADE / CIDADANÍA	5	Activistas polo mundo que queremos	10/5/13	cidadanía global / alfabetización audiovisual			X		X				FP servizos socioculturais
	29	Rede de centros escolares solidarios	11/12	voluntariado / solidariedade			X	X	X				
	30	Voluntariado miúdo: Móvete!	1	voluntariado / solidariedade	X	X							
	31	Correspondentes xuvenís	4	voluntariado / alfabetización informacional			X	X	X			X	
	33	Pasaporte solidario	11/3/13	voluntariado / participación		X	X						
	44	Educación en dereitos da infancia e cidadanía global	Todos	dereitos de infancia		X	X	X					
	28	Parlamento Xove	4/16	comunicación / oratoria			3º e 4º	X					
	25	Salvavidas	3	solidariedade/ saúde / ciencia		5º e 6º	X	X	X	X			Consultar modalidades
CONSUMO RESPONSABLE	8	Consumópolis	12	consumo responsable / igualdade		5º e 6º	X		FP Básica				
	9	Galicóns	12	consumo responsable / igualdade	X	X	X	X	X	X	X		Consultar modalidades
IGUALDADE	4	Rapazas emprendedoras nas Tics	5	ciencia e tecnoloxía / igualdade		X	X						
	6	Sementando coeducación dende o rural: os coidados como xermolo para a sustentabilidade da vida.	5	equidade e igualdade / educación afectivo-sexual			X						
	10	Donas de sí	5	igualdade de xénero / educación emocional	X	X	X	X	X	X		X	
	11	Por 365 días de respecto e igualdade	5	igualdade			X	X	X	X			
		Quérote+	3	Saúde / educación / igualdade			3º		FP Básica				
MEDIO AMBIENTE / SOSTIBILIDADE	13	Paisaxe e sustentabilidade	11	medio ambiente	X	X	X	X	X				
	14	Mestres Gandeiros	13	medio ambiente/ desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	X	X	
	15	Meteoescolas	13	meteoroloxía e climatoloxía / medio ambiente	X	X	X	X	X		X		Infantil, condicionado a outra etapa educativa
	16	Protexe o teu medio	13	ciencia e tecnoloxía / medio ambiente			X	X	X				
	17	Rede de Ecohortas escolares	13	medio ambiente / desenvolvemento sustentable		X	X	X	X	X	X	X	
	18	ProxectoTerra	11	arquitectura e urbanismo / dereito ao hábitat	X	X	X	X	X		X	X	Consultar modalidades
	19	Recíclate con Sogama	11	medio ambiente / desenvolvemento sustentable		X							
	20	Proxecto Ríos	6	medio ambiente	X	X	X	X	X	X			
	21	Protexe os animais	15	medio ambiente	X	X							
	22	Naturézate	15	medio ambiente		X	X	X					
	23	Escola Verde	13	desenvolvemento sustentable	X	X	X						Infantil, condicionado a outra etapa educativa
	PROMOCIÓN DO PATRIMONIO E DA LINGUA GALEGA	34	Monte Vivo	15	medio ambiente / desenvolvemento sustentable		X	X					
45		Mobilidade sostible e segura	11/4	Mobilidade / sostibilidade	X	X	X						
35		Nós tamén creamos	45/10/17	normalización lingüística / alfabetización audiovisual	X	1º a 4º					X		
37		Proxectos de innovación en dinamización lingüística	4/5/10	promoción da cultura / dinamización lingüística	X	X	X	X	X	X	X	X	
36		Fitofaladoiro	11	medio ambiente / normalización lingüística		X	X	X	X	X			
39		Proxecto didáctico Antonio Fraguas	11/5	normalización lingüística / patrimonio cultural		X	X	X					
38		Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional	11	normalización lingüística / patrimonio			X	X	X				
43	Educación patrimonial	11/4/9/12	patrimonio	X	X	X	X	X	X	X	X	Consultar modalidades	
7	Vexo veo Xacobeo	11/8	promoción da cultura / patrimonio / cidadanía global	X	1º e 2º								



	40	Cóntame un conto	11	normalización lingüística / patrimonio		X	X						
PROXECTOS STEM	3	Aprendo Programando	12	ciencia e tecnoloxía / consumo responsable		X	X	X	X				
	46	AntarticLab CSIC	9	investigación					X				
ARTES	41	Cinema en curso	4	promoción da cultura / alfabetización audiovisual		4ºa 6º	X	1º	X				Agás FP Imaxe/ son
	42	Fotografía en curso	4	promoción da cultura / alfabetización audiovisual		X	X	X	X		X		

**OBXECTIVOS AXENDA 2030**

1. Fin da pobreza	6. Auga limpa e saneamento	11. Cidades e comunidades sostibles	16. Paz, xusticia e institucións sólidas
2. Fame cero	7. Enerxía accesible e non contaminante	12. Produción e consumo responsables	17. Alianzas para lograr obxectivos
3. Saúde e benestar	8. Traballo digno e crecemento económico	13. Acción polo clima	
4. Educación de calidade	9. Industria, innovación e infraestrutura	14. Vida submarina	
5. Igualdade de xénero	10. Redución das desigualdades	15. Vida de ecosistemas terrestres	

